


PLAN DE CONVIVENCIA

Programa do alumnado axudante



IES ÁNXEL FOLE

Lugo

CONTIDOS

PROGRAMA DO ALUMNADO AXUDANTE.....	3
INTRODUCCIÓN.....	3
CONDICIÓNS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE.....	3
OBXECTIVOS DESTE PROGRAMA	3
FUNCIÓNS DO ALUMNADO AXUDANTE.....	4
PROPOSTA DE ACTUACIÓN.....	5
O LIBRO DO ALUMNADO AXUDANTE.....	11
AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR	19

Programa do alumnado axudante

Introdución

Poden alegarse moitas razóns que fan necesaria a posta en marcha de “Sistemas de axuda entre iguais” nos centros educativos, que dan resposta ás necesidades que aparecen na práctica diaria: a xestión dos conflitos, a mellora do clima de convivencia nas nosas aulas e no Centro, a educación en valores, a presentación de modelos de conduta positiva...

O modelo do Alumnado Axudante introdúcenos no aproveitamento dun gran recurso humano: o propio alumnado. Por iso, diversos estudos realizados e experiencias levadas a cabo en centros educativos teñen demostrado que utilizando estratexias de axuda entre iguais conséguese mellorar o clima do Centro e o desenvolvemento persoal e social dos axudantes, e por iso dos axudados e axudadas.

Condições para a posta en marcha dun programa de alumnado axudante

Para poñer en práctica esta medida educativa é necesario que teña sido incluída no Plan de Convivencia do Centro e ser aprobada polo Consello Escolar. Sería desexable que se deran tamén as seguintes condicións:

- a) Nomeamento dunha persoa responsable do proxecto.
- b) Creación dun equipo de profesores e profesoras que traballe directamente no Programa e impulse a súa inclusión na vida cotiá do Centro.
- c) Implicación e participación de suficiente alumnado.
- d) Introducción, se é posible, dun espazo horario para poder realizar o Programa de Formación inicial e para reunións posteriores.
- e) Habilitación dun espazo para poder reunirse con periodicidade.

No Plan de Convivencia deberían recollerse os obxectivos do Programa, as persoas responsables do mesmo, cualidades e perfís do alumnado axudante ao que irá dirixida esta medida, os tempos e os espazos dedicados ao Programa, así como os mecanismos de seguimento e avaliación.

Obxectivos deste programa

Entre os obxectivos dun Programa de Alumnado Axudante, pódense mencionar, entre outros, os seguintes:

- f) Fomentar a colaboración e búsqueda de solucións en problemas interpersoais no ámbito escolar.
- g) Reducir os casos de acoso entre alumnos e alumnas.
- h) Diminuír a conflitividade e, por iso, a aplicación de medidas sancionadoras.
- i) Favorecer a participación directa do alumnado na resolución de conflitos.
- j) Crear canles de comunicación e de coñecemento mutuo entre educadores e educadoras e alumnado, mellorando a autoestima de todos os participantes no Programa.
- k) Establecer unha organización escolar específica para tratar as formas violentas de afrontar os conflitos.
- l) Incrementar os valores de cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da comunidade educativa.

En definitiva, con este Programa preténdese contribuír á mellora da convivencia no Centro.

Co progresivo desenvolvemento do modelo, o Centro debería percibir:

- a) Diminución da intensidade e frecuencia de conflitos.
- b) Diminución da aplicación de medidas sancionadoras.
- c) Mellora da autoestima do alumnado e profesorado participante na experiencia.
- d) Incremento da participación no Centro a través da creación dunha función diferente no alumnado.
- e) Maior seguridade para os membros da comunidade educativa ao detectarse e abordarse os casos de acoso e maltrato.
- f) Maior satisfacción de toda a comunidade socioeducativa do Centro a causa da implicación e interés polas persoas.
- g) Mellora do clima de aprendizaxe.

Funcións do alumnado axudante

Algunhas funcións son:

- a) Axudar aos compañeiros e compañeiras cando alguén os molesta e necesitan que os escoiten.
- b) Axudar a alumnos e alumnas que estean tristes ou decaídos/as por algún problema persoal, e que necesitan que alguén os escoite e lles preste un pouco de atención.

- c) Acoller aos recién chegados ao Centro e actuar como acompañantes.
- d) Derivar a un compañeiro/a cara a un adulto, sexa profesor, pais, orientador..., animándoo a falar nos casos máis complexos, e acordados nas reunións de alumnado axudante.
- e) Facilitar a mellora da convivencia no grupo e no Centro.

Proposta de actuación

A posta en marcha dunha intervención educativa destas características contempla tres tempos de implantación diferentes:

- a) Toma de conciencia, debate, difusión e aprobación.
- b) Desenvolvemento do modelo: selección, formación e organización.
- c) Mantemento, supervisión, expansión da experiencia e avaliación.

A **formación do alumnado axudante** vai dirixida inicialmente ao desenvolvemento de habilidades sociais básicas para a escoita activa e a resolución de conflitos, ademais de desenvolver xogos dirixidos á consolidación e cohesión do grupo de Alumnos/as Axudantes. A formación realizarase por un profesional da psicoloxía, no primeiro curso académico, con un mínimo de 2 h por cada grupo, non superando os 20 alumnos/-as por grupo

Traballarase en titorías a figura do Alumnado Axudante, así como o perfil que debe reunir, aínda que despois deixaremos unha marxe de elección para o equipo do profesorado e as persoas que exercen a titoría. É importante evitar prexuízos na elección, xa que Alumnado Axudante poden selo todos, de calquera situación económica ou rendemento académico. É máis, pode ser unha responsabilidade que motive o cambio de actitude do alumnado máis desfavorecido social e/ou academicamente.

Crearase un equipo de profesorado de apoio ao Alumnado Axudante que se encargue de organizar e temporalizar as futuras actividades, facer o seguimento das medidas, etc.

Será imprescindible contar con tempos e espazos onde poidan reunirse alumnado e profesorado do equipo. Na medida do posible debería facerse coincidir as titorías (aínda que fose por niveis: 1º e 2º de ESO), de forma que nese horario se facilite a reunión dos membros do equipo. Se non fose posible queda a posibilidade de reunirse unha tarde cada certo tempo, o que tamén aporta como vantaxe un maior tempo para o seguimento e o desenvolvemento de mecánicas e de acordos.

Finalmente, aclarar tres ideas fundamentais que profesorado e pais/nais/titores legais e alumnado deben ter claras:

- a) O Alumnado Axudante non é policía: a súa misión non é vixiar o cumprimento das normas nin exercitar un labor sancionador.
- b) O Alumnado Axudante non é un chivato ou chivata: non son persoas que observan calquera incumprimento ou problema e saen correndo a contarllo ao profesorado.
- c) O Alumnado Axudante non é un amigo ou amiga: non é alguén que fai seus os problemas que os demais lle contan, nin toma partido á hora de mediar nun conflito, agás que como membro do equipo de mediación se lle requira para facelo.


O *Programa de Alumnado Axudante* é unha das actividades do *Plan de Convivencia* do IES Ánxel Fole para o curso 2017-2018. Pretende dar unha resposta humanizada e integradora ás necesidades e problemas que xorden no día a día no centro educativo. Baséase nun pilar educativo fundamental: a convivir apréndese.

No *Programa de Alumnado Axudante* o alumnado convértese en protagonista da aprendizaxe da convivencia: toma parte activa na xestión de conflitos, participa na mellora do clima escolar, comprométese na educación en valores, promociona modelos e exemplos de conduta positiva, propón solucións construtivas que implican a toda a comunidade escolar.

O *Programa de Alumnado Axudante* busca desenvolver de maneira compatible e harmónica coas competencias académicas, un conxunto de habilidades sociais indispensables para aprender a convivir nunha sociedade plural e democrática. O respecto, a empatía, a escoita activa, a cooperación, o sentido da xustiza, equidade e proporcionalidade, son algunhas delas.

IES ÁNXEL FOLE

PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE



ACTIVIDADE DO PLAN DE CONVIVENCIA

CURSO 2018-2019

CALES SON OS OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE?

- Fomentar a colaboración e búsqueda de solucións en problemas interpersoais no ámbito escolar.
- Diminuír a conflitividade e, por iso, a aplicación de medidas sancionadoras.
- Crear canles de comunicación e coñecemento mutuo entre profesorado e alumnado, mellorando a autoestima de todos os participantes no *Programa*.
- Establecer unha organización escolar específica para tratar as formas inadecuadas e violentas de afrontar os conflitos.
- Incrementar os valores de cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da comunidade educativa.
- Aprender habilidades sociais de resolución pacífica de conflitos.

CALES SON AS FUNCIÓNS DO ALUMNADO AXUDANTE?

1. Axudar aos compañeiros e compañeiras cando necesitan escoita e acompañamento, ou alguén os molesta.
2. Axudar a alumnos e alumnas que estean tristes ou decaídos/as por algún problema persoal, e necesitan comprensión e atención.
3. Acoller ao alumnado recién chegado ao centro, e actuar como acompañantes.
4. Derivar a un compañeiro/a cara a un adulto, sexa profesor, familia, entre outros, animándoo a falar nos casos máis complexos.
5. Tecer unha rede apoio no centro escolar que favoreza a integración, respecto á diversidade, colaboración mutua, boa comunicación entre o alumnado.
6. Facilitar a mellora da convivencia no grupo e o centro.


O *Programa de Alumnado Axudante* é unha das actividades do *Plan de Convivencia* do IES Ánxel Fole para o curso 2017-2018. Pretende dar unha resposta humanizada e integradora ás necesidades e problemas que xorden no día a día no centro educativo. Baséase nun pilar educativo fundamental: a convivir apréndese.

No *Programa de Alumnado Axudante* o alumnado convértese en protagonista da aprendizaxe da convivencia: toma parte activa na xestión de conflitos, participa na mellora do clima escolar, comprométese na educación en valores, promociona modelos e exemplos de conduta positiva, propón solucións construtivas que implican a toda a comunidade escolar.

O *Programa de Alumnado Axudante* busca desenvolver de maneira compatible e harmónica coas competencias académicas, un conxunto de habilidades sociais indispensables para aprender a convivir nunha sociedade plural e democrática. O respecto, a empatía, a escoita activa, a cooperación, o sentido da xustiza, equidade e proporcionalidade, son algunhas delas.

IES ÁNXEL FOLE

PROGRAMA DO ALUMNADO AXUDANTE



ACTIVIDADE DO PLAN DE CONVIVENCIA

CURSO 2018-2019

COMO É O ALUMNADO AXUDANTE?

- DISCRETO
- EMPÁTICO E, CON FRECUENCIA, SIMPÁTICO
- SABE ESCOITAR
- É PACIENTE
- SABE MANTER A CONFIDENCIALIDADE
- AXUDA A ENCONTRAR SOLUCIÓNS CANDO HAI CONFLITOS
- É CONCILIADOR
- PÓDESE CONFIAR NEL
- SABE ACOLLER AS PERSOAS
- TEN UNHA BOA COMUNICACIÓN CO ALUMNADO E O PROFESORADO
- AXUDA A PREVIR CONFLITOS
- SABE QUE UNHA BOA RELACIÓN ENTRE TODOS E TODAS FAVORECE A APRENDIZAXE

CALES SON AS SÚAS FUNCÍONS?

- ❖ Axudar os compañeiros e compañeiras cando necesitan escoita e acompañamento, ou alguén os molesta.
- ❖ Axudar os alumnos e alumnas que estean tristes ou decaídos/as por algún problema persoal, e necesitan comprensión e atención.
- ❖ Acoller ao alumnado recén chegado ao centro, e actuar como acompañantes.
- ❖ Derivar un compañeiro/a cara a un adulto, sexa profesor, familia, entre outros, animándoo a falar nos casos máis complexos.
- ❖ Tecer unha rede apoio no centro escolar que favoreza a integración, respecto á diversidade, colaboración mutua, boa comunicación entre o alumnado.
- ❖ Facilitar a mellora da convivencia no grupo e o centro.

O libro do Alumnado Axudante



O LIBRO DO ALUMNADO AXUDANTE
IES ÁNXEL FOLE-LUGO
CURSO 2018-19

NOME: _____


Basado no libro *Conflicto en el centro escolar. El Modelo de alumno Ayudante como estrategia de intervención educativa*, de Isabel Fernández, Emiliana Villaoslada y Silvia Funes. Editorial Catarana.




4. escoitar activamente aos compañeiros e compañeiras sobre os conflitos que teñen e as inquietudes que senten; sen aconsellar, sen enxuciar nin criticar.
5. Detectar posibles conflitos e discutilos nas reunións periódicas para buscar formas de intervir antes de que aumenten.
6. Derivar aqueles casos nos que non saibamos como actuar; tamén aqueles nos que se dan agresións físicas con uso desmedido da forza; e sempre que as persoas implicadas reflicten dor e graves dificultades persoais. O profesorado responsable valorará con vós as alternativas de acción a seguir.

FUNCIÓNS DO ALUMNADO AXUDANTE

1. Informar aos compañeiros e compañeiras da axuda que pode ofrecer o nomeado alumnado axudante.
2. Difundir a axuda individualmente ou en actuacións conxuntas con outros compañeiros e compañeiras.
3. Acoller ao alumnado recién chegado ao Centro ou a aqueles compañeiros/as que se sintan sós ou rexeitados/as.





HABILIDADES SOCIAIS QUE USAMOS OS ALUMNOS E ALUMNAS AXUDANTES

1. Propoño solución cando surde un problema.
2. Intento ponerme no lugar dos demais, sentir como se atopan, comprendelos cando se sinten mal.
3. Espero o turno de palabra cando se fala en grupo.
4. Alégrome e síntome ben cando axudo a alguén.
5. Doume conta de que hai diferentes maneiras de resolver os problemas.
6. Doume conta das cousas que molestan aos demais e procuro non facelas.
7. Respecto a todas as persoas, aínda que que non estea de acordó con elas.
8. Divírtome con todos os compañeiros e compañeiras, sen excluír conscientemente a ninguén.
9. Penso que os demais confían en min.
10. escoito con moita atención.

Cando hai un problema entre dous compañeiros/as, os alumnado axudante intentamos:

1. Saber cal é o problema.
2. Averiguar quenes causan o problema. Hai que ter en conta que os que miran participan, polo que é mellor falar do problema nun lugar no que non haia ninguén arrededor.
3. Deducir o que sente cada un/a e que desexa conseguir.
4. Procurar que ambos se escoiten, expresando o que senten e queren de forma serea e sen ofender.
5. Facer que xurdan varias varias alternativas ou propostas para a solución do problema e axudar a decidir.
6. Procurar que as solución adoptadas sexan de mutuo acordó, sen que ninguén impoña a solución ao outro.

Cando estamos escoitando activamente a un compañeiro ou compañeira necesitamos dicir algunhas cousas:

1. **Parafraseo:** repito o que me dice para que saiba que o entendín ben.

Exemplos:

- Queres dicir que **crees** que (repito o mesmo que me ten dito a persoa á que escoito)
- Queres dicir que **opinas** que (repito o mesmo que me ten dito a persoa á que escoito).
- Queres dicir que **entendes** que (repito o mesmo que me ten dito a persoa á que escoito)
- Queres dicir que **consideras** que (repito o mesmo que me ten dito a persoa á que escoito).

2. **Reflexo** o que sinte a persoa que me fala:

Exemplos:

- Se me expresa tristeza, expresarei que me chega a súa tristeza.
- Se está preocupada, a súa preocupación; si expresa nerviosismo, indicarle a necesidade de tranquilizarse.

3. Fago **preguntas abertas** sobre o que non entendo.

Exemplos:

Que?, Como?, Por que?, Para que?, para animalo a falar mais expresamente, se o necesita.

4. Fago **preguntas pechadas** cando a outra persoa exprese que quere tomar decisión:

Exemplos:

- Estás disposto/a preguntarle se quere saír contigo?
- Estás disposto/a a decirlle que non lle toleras que faga iso?
- Que lle dixeches exactamente?
-

(As respostas poden ser Si ou NON ou una resposta corta concreta)

5. **Resumo**, con dúas ou tres frases, o máis importante de todo o que me ten dito.

Exemplo:

Entón o que pasa é que X che fala mal, non te valora. Iso che fai sentirte mal e necesitas encontrar unha solución.

O alumnado axudante é un alumnado asertivo:

Expresamos con firmeza que una situación non nos parece ben, sen medo, sen utilizar a violencia física nin verbal. Nunca deixamos que algo que non nos parece xusto pase sen que fagamos nada; intentamos cambiala.

Para axudar a resolver un problema é bon:

1. Parase e pensar.
2. Axudar a identificar cal é o problema.
3. Axudar a propor solución.
4. Axudar a valorar as solución, vendo as ventaxas e desventaxas e os inconvenientes de cada una.
5. Escoller a mellor solución.
6. Buscar que a solución sexa aceptada polas dúas partes.
7. Acordar o que hay que facer para que se poña en marcha a solución:

Que ides facer cada un/una?

Cando?

Como o ides facer?

8. Valoralo despois:

Como funcionou o acordo?

Hai que correxir algo?

Van mellor as cousas?





Autorización para participar

Asunto: Programa do «Alumnado Axudante» do IES Ánxel Fole

D/Dna con DNI

pai/nai/titor/a legal, do/a alumno/a

de de ESO, GRUPO

AUTORIZA a dito/a alumno/a a formar parte do equipo de **ALUMNADO AXUDANTE** do **IES Ánxel Fole**, e a recibir a formación necesaria para a realización desta actividade, a cargo de D. José Manuel Gómez López, profesor do IES Ánxel Fole e coordinador da convivencia do centro.

Esta actividade forma parte do Plan de Convivencia do centro.

Lugo, de de 2018

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Angelo Colocci, s/n. 27003 Lugo
Tfno:982870991 Fax:982870997
ies.anel.fole@edu.xunta.es
ww.edu.xunta.es/centros/iesanxelfole
